

Oferta de emprego

## Responsable de contido (deseño e comunicación)

### 1. Introducción

Benvido/a e gracias polo teu interese no posto de Responsable de contido (deseño e comunicación). Este documento inclúe información sobre este posto laboral, a asociación, e os requisitos para postular a esta oferta.

Esperamos que esta información che axude a decidir se este posto é do teu interese.

### Sobre Ambar

A Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional é a asociación pioneira na comarca da Barbanza traballando polos dereitos das persoas con diversidade funcional dende 1982. Traballamos día a día para lograr unha comunidade na que as persoas con diversidade funcional teñan igualdade de oportunidades, que as súas contribucións sexan valoradas e os seus dereitos respectados.

Para acadar isto, traballamos:

- prestando apoios para mellorar a **calidade de vida** a través do deporte inclusivo e das actividades de ocio,
- impulsamos o **empoderamento** a través da expresión artística e da creatividade,
- aportamos ferramentas para promover a **autonomía persoal** nos obradoiros dos Servizos de Atención Diúrna,
- facilitamos a **vida independente** dentro da comunidade,
- formamos e promovemos o **emprego digno**.

### Sobre este posto de traballo

Ambar está nunha etapa moi interesante para a persoa que ocupe este posto. Vimos de cambiar a nosa identidade visual e estamos transformando a maneira en

que nos diriximos ós nosos públicos obxectivos, para comunicar dunha maneira máis directa e clara. Estamos nos inicios desta transformación, polo cal a persoa que se una ó equipo de Ambar poderá liderar novos proxectos e campañas de comunicación e marketing innovadoras na nosa comarca. Buscamos unha persoa profesional que lidere estratexicamente este cambio tanto a nivel de deseño como de comunicación.

Se es unha persoa con iniciativa e paixón por mellorar a sociedade a través de imaxes e palabras, este traballo é para ti.

## Como presentarse a esta oferta

Envíanos unha **carta de motivación**, onde describas a túa experiencia previa en relación ás “especificacións da persoa solicitante” (pax. 3) e o teu **portfolio e/ou currículo** á seguinte dirección de correo electrónico [correo@asociacionambar.org](mailto:correo@asociacionambar.org). O prazo para enviar a túa candidatura é ata o 29 de maio. As entrevistas realizaranse entre o 30 e o 6 de xuño.

## Comprometidos/as pola igualdade de oportunidade

Ambar é unha organización que celebra a diversidade e a igualdade de oportunidades no ámbito laboral. Se necesitas **información accesible** noutros formatos non dubides en poñerte en contacto con nós nos seguintes teléfonos: 981 874 480, 607 356 550 (What's App) ou da nosa dirección postal: Ambar, Centro de Recursos da Barbanza, Lg. de Granxa, 5 - San Roque, 15967 Ribeira.

Moitas grazas e esperamos saber pronto de ti.

## 2. Descrición do posto

Posto	Responsable de contido (deseño e comunicación)
Área	Comunicación e Marketing. Dependente de Coordinación Xeral.
Lugar de traballo	Flexible: posibilidade de teletraballo, con algunhas horas á semana nas instalacións de Ambar en Ribeira; ou presencial.
Duración	4 meses, con posibilidade de continuidade.
Xornada	Media (posibilidade de ampliación).

## **Misión e obxectivos xerais do posto**

Este posto ten como misión comunicar, a través do deseño e da comunicación, o modelo social da diversidade funcional ós nosos públicos obxectivos para visibilizar e promover a igualdade de oportunidades das persoas con diversidade.

Para acadar esta finalidade, este posto ten os seguintes obxectivos:

1. Liderar o posicionamento da nova identidade visual de Ambar, creando deseños innovadores e comunicando de maneira clara e directa.
2. Promocionar o modelo social da diversidade para cambiar a percepción social da diversidade funcional a través de campañas de marketing e canles de comunicación.

## **Responsabilidades**

### **Deseño**

1. Liderar a creación de novos materiais de marketing e comunicación que estean na liña da nosa nova identidade visual.
2. Elaborar unha guía de identidade visual (brand guidelines) para poder unificar o estilo da entidade.
3. Elaborar materiais de promoción (carteis, folletos, banners, etc.) para eventos e proxectos da entidade.
4. Supervisar toda a comunicación e promoción externa da entidade para que vaia acorde á nova identidade de Ambar.

### **Comunicación e marketing**

1. Propoñer de maneira proactiva noticias para os medios de comunicación, incluíndo a elaboración de notas de prensa.
2. Idear de maneira estratéxica novas campañas multicanle de marketing para promover a misión e os obxectivos da organización.
3. Elaborar a guía de estilo (Como falamos) da organización.
4. Liderar e elaborar o contido da nova web (en proceso), propoñendo maneiras innovadoras de captar a atención do noso target.
5. Promover as actividades de Ambar a través das nosas canles dixitais, e en particular das redes sociais e da nosa web.
6. Crear plans de proxecto, que inclúan obxectivos e resultados a levar a cabo para medrar os nosos públicos obxectivos.
7. Iniciar o uso de ferramentas de marketing dixital coma o Google Adwords, Facebook Ads, etc.

8. Colaborar con outras áreas, e en particular no programa de persoas socias para incrementar o número de persoas rexistradas.

Mostrar interese nas actividades deste e doutros sectores, tendo a capacidade de traer e implementar elementos innovadores nos proxectos e actividades da organización.

Levar a cabo os deberes e responsabilidades deste posto en conformidade cos valores, normas e protocolos da organización, e calquera outra regulación pola cal se rexa a organización.

Levar a cabo calquera outra responsabilidade que sexa necesaria, para a consecución dos obxectivos profesionais.

## **Especificacións da persoa solicitante do posto**

### Formación e experiencia

1. Experto/a no manexo de programas de deseño gráfico, Adobe Creative Cloud.
2. Experiencia na creación de mensaxes para campañas de marketing e en diferentes canles de difusión (copywriting).
3. Experiencia na creación de manuais creativos (brand & style guidelines)
4. Experiencia na creación de materiais de deseño (posters, banners, folletos, etc.)
5. Experiencia na execución de campañas de comunicación e marketing, con excelentes resultados e usando diferentes canles e soportes.
6. Experiencia na elaboración e execución de plans de comunicación e/ou marketing.

### Habilidades

1. Excelentes habilidades de comunicación escrita e verbal, en galego (lingua preferente) e castelán; valorarase de maneira positiva o coñecemento de inglés.
2. Coñecemento da diversidade funcional.
3. Proactividade e iniciativa na creación e implementación de campañas.
4. Don de xentes, capacidade de promocionar a entidade a diferentes públicos e en diferentes situacións.
5. Capacidade de mellora continua, ir sempre máis alá, e intentar mellorar campañas e resultados.
6. Dispoñibilidade para viaxar, principalmente dentro da comarca.